

A SAIA DA CAROLINA (ED. INFANTIL)

A saia da Carolina
ten un lagarto pintado:
cando a Carolina baila
o lagarto dalle o rabo.

- Bailaches Carolina?
- Bailei no cuartel.
- Dime, con quen bailaches?
- Bailei co coronel.
- Bailaches , Carolina?
- Bailei no cuartel.

O señor cura non baila
porque ten unha coroa.
Baile señor cura baile
que Deus todo llo perdoa.

- Bailaches Carolina?
- Bailei, abofé.
- Dime, con quen bailaches?
- Bailei co meu Xosé.
- Bailaches Carolina?
- Bailei, abofé.

A Carolina é unha tola
que todo o fai o revés;
vístese pola cabeza
e íspese polos pés.

- Bailaches Carolina?
- Bailei, si señor!
- Dime , con quen bailaches?
- Bailei co meu amor.
- Bailaches Carolina?
- Bailei, si señor!

Co teu amor Carolina
non volvas a bailar,
que che levanta a saia
i é moi mala de baixar.
Co teu amor , Carolina,
Non volvas a bailar!

A RIANXEIRA (1º PRIMARIA)

Ondiñas veñen,
ondiñas veñen,
ondiñas veñen e van.

Non te embarques rianxeira
que te vas a marear.

(BIS)

A Virxe de Guadalupe
cando vai para Rianxo, (BIS)
a barquiña que a leva
era de pau de laranxo. (BIS)

Ondiñas veñen,
ondiñas veñen,
ondiñas veñen e van.

Non te embarques rianxeira
que te vas a marear.

A Virxe de Guadalupe
cando vai pola ribeira,
descalciña pola area
parece unha Rianxeira. (BIS)

Ondiñas veñen,
ondiñas veñen,
ondiñas veñen e van.

Non te embarques rianxeira
que te vas a marear. (BIS)

Ondiñas veñen,
ondiñas veñen,
ondiñas veñen e van.

Non te vaias rianxeira
que te vas a marear.

QUEN PUIDERA NAMORALA (2º PRIMARIA)

No miño novo do vento
hai unha pomba dourada.

(BIS)

Quen puidera namorala,
quen puidera namorala,
meu amigo.

(BIS)

Canta o luar e o mencer
en frauta de verde olivo.

(BIS)

Quen puidera namorala,
quen puidera namorala,
meu amigo.

(BIS)

Ten as de frol recente
e cousas de recén casada.

(BIS)

Quen puidera namorala,
quen puidera namorala,
meu amigo.

(BIS)

Tamén ten sombra de sombra
e andar primeiro de río.

(BIS)

Quen puidera namorala,
quen puidera namorala,
meu amigo.

(BIS)

CATRO VELLAS MARIÑEIRO (3º PRIMARIA)

Catro vellos mariñeiros,
catro vellos mariñeiros.
Todos metidos nun bote.
Voga, voga, mariñeiro;
Imos pra Viveiro,
Xa se ve San Roque.
Voga, voga, mariñeiro;
Imos para Viveiro,
Xa se ve San Roque.

Ai lalalo, ai lalalelo.
Ai lalalelo, ai lalalá.
Ai lalalo, ai lalalelo.
Ai lalalelo, ai lalalá.
Ai lalalo, ai lalalelo.
Ai lalalelo, ai lalalá.

Os mariñeiros traballan,
Os mariñeiros traballan
De noite coa luz da lúa.
Dá gusto velos chegare
Pola mañá cedo cheirando a frescura.
Dá gusto velos chegare
Pola mañá cedo cheirando a frescura.

Ai lalalo, ai lalalelo.
Ai lalalelo, ai lalalá
Ai lalalo, ai lalalelo.
Ai lalalelo, ai lalalá.
Ai lalalo, ai lalalelo.
Ai lalalelo, ai lalalá.

Levo sardiña e bocarte,
Levo sardiña e bocarte.
Vendo xurelo pequeno.
Rapaciña de Viveiro,

Ven busca-lo lote do teu mariñeiro.
Rapaciña de Viveiro,
Ven busca-lo lote do teu mariñeiro.

Ai lalalo, ai lalalelo.
Ai lalalelo, ai lalalá.
Ai lalalo, ai lalalelo.
Ai lalalelo, ai lalalá.
Ai lalalo, ai lalalelo.
Ai lalalelo, ai lalalá.

Voga, voga, mariñeiro.
Voga, voga, mariñeiro.
Que che hei de ir a esperare
Para recollerche a pesca
E levarcha toda toda a subhastare.
Para recollerche a pesca
E levarcha toda toda a subhastare.

Ai lalalo, ai lalalelo.
Ai lalalelo, ai lalalá.
Ai lalalo, ai lalalelo.
Ai lalalelo, ai lalalá.
Ai lalalo, ai lalalelo.
Ai lalalelo, ai lalalá.

VEN BAILAR CARMIÑA (4º PRIMARIA)

Os zapatos piden medias,
as medias piden zapatos,
as rapaciñas bonitas
piden rapaciños guapos.

Ven bailar, Carmiña,
Carmiña, Carmela,
con zapato baixo
e media de seda.
e media de seda
e media calada,
ven bailar, Carmiña,
miña namorada.

Os zapatos piden medias,
as medias piden zapatos,
as rapaciñas bonitas
piden rapaciños guapos.

Ven bailar, Carmiña,
Carmiña, Carmela,
con zapato baixo
e media de seda.
e media de seda
e media calada,
ven bailar, Carmiña,
miña namorada.

O SACRISTÁN DE COÍMBRA (5º PRIMARIA)

O Sacristán de Coímbra
facía de mil diabluras, (BIS)
mollaba o pan en aceite,
deixaba os santos a escuras. (BIS)

E bate fado e bate ben,
ti ére-la causa do meu desdén. (BIS)

O mar tamén ten amores,
o mar tamén ten mulleres. (BIS)
Está casado coa area,
dálle bicos cantos quere. (BIS)

E bate fado e bate ben,
ti ére-la causa do meu desdén. (BIS)

Eu quixera ser merliño
e te-lo bico encarnado (BIS)
para face-lo meu niño
no teu cabelo dourado. (BIS)

E bate fado e bate ben,
ti ére-la causa do meu desdén. (BIS)

A SEMENTEIRA (6º PRIMARIA)

Sementar sementarei,
loguiño de crarear,
en tanto no pobo medre,
un meniño, un vello e un cantar. (BIS)

Un meniño rebuldeiro
que fale na lingua nai
que suba aos pexegueiros
a froita verde a roubar.

Sementar sementarei
loguiño de crarear,
en tanto no pobo medre
un meniño, un vello e un cantar. (BIS)

Un vello que dé consellos,
un rostro de fume e pan,
que conte contos ós nenos,
do cuco e do paspallás...

Sementar sementarei,
loguiño de crarear,
en tanto no pobo medre,
un meniño, un vello e un cantar. (BIS)

Un cantar de redención,
un vello e novo cantar,
que troque a desolación,
nun limpo e craro alborear.

Sementar sementarei
loguiño de crarear,
en tanto no pobo medre
un meniño, un vello e un cantar. (BIS)

Logo, deixáime morrer
entre dous regos queimados,
cando veñan os solpores,
dos homes esfamiados.

HIMNO GALEGO

Que din os rumorosos
na costa verdecente,
ao raio transparente
do prácido luar?
¿Que din as altas copas
de escuro arume arpado
co seu ben compasado
monótono fungar?

Do teu verdor cinguido
e de benignos astros,
confín dos verdes castros
e valeroso chan,
non des a esquecemento
da inxuria o rudo encono;
desperta do teu sono
fogar de Breogán.

Os bos e xenerosos
a nosa voz entenden
e con arroubo atenden
o noso ronco son,
máis sóo os iñorantes
e féridos e duros,
imbéciles e escuros
non os entenden, non.

Os tempos son chegados
dos bardos das edades
que as vosas vaguedades
cumprido fin terán;
pois, donde quer, xigante
a nosa voz pregoa
a redenzón da boa
nazón de Breogán.